

NOTA DE PRENSA

8M: As mulleres con problemas de saúde mental tamén contan nunha sociedade que as invisibiliza

- A propósito do Día da Muller, Saúde Mental FEAFES Galicia reivindica unha maior visibilidade e participación das mulleres con problemas de saúde mental e denuncia a violación dos seus dereitos.
- O proxecto fotográfico “Elas tamén contan”, realizado coa colaboración de Pedrido Fotografía, pretende poñerlle cara e darlle voz a mulleres con problemas de saúde mental.

Santiago, 09 de marzo de 2021.- As mulleres con problemas de saúde mental son un colectivo frecuentemente invisibilizado e pouco considerado nunha sociedade na que prima a supremacía do home e na que existe unha importante discriminación cara a discapacidade. Por iso, a iniciativa “**Elas tamén contan**” pretende dar protagonismo a estas mulleres a través dunha serie fotográfica composta por 15 retratos de 5 mulleres.

Este proxecto foi realizado grazas á colaboración de **Pedrido Fotografía** a través do seu programa Agarimo de Responsabilidade Social Empresarial, o cal favorece o desenvolvemento de accións socialmente comprometidas coa visibilización de colectivos en situación de vulnerabilidade.

As imaxes serán presentadas e difundidas de xeito dixital na [páxina web](#) e as redes sociais de Saúde Mental FEAFES Galicia durante a semana do Día da Muller, que se conmemora o 8 de marzo. Realizarase tamén unha [exposición virtual](#) das mesmas, a través dunha galería dixital que simula unha sala de exposicións onde poderán verse todas as fotografías. Xunto aos retratos, a campaña inclúe unha serie de testemuños das mulleres nos que expresan as súas inxerencias e fortalezas, permitindo así coñecerlas máis e achegarnos ás súas experiencias de vida.

Mulleres e saúde mental, unha tripla discriminación

As mulleres con problemas de saúde mental experimentan unha **tripla discriminación** debido á súa condición: o rexeitamento que provoca a discapacidade, o estigma asociado aos problemas de saúde mental e a discriminación derivada de ser muller.

Isto provoca un gran **prexuízo social** e importantes **dificultades no eido laboral**, pois as mulleres con problemas de saúde mental son dos colectivos que atopan máis obstáculos para acceder a un posto de traballo. Como consecuencia, carecen de recursos económicos polo que a miúdo son dependentes das súas parellas.

ASOCIACIÓNS
FEAFES:

A CORUÑA

A CREBA

APEM

FORTE DA

VIRXE

PORTA NOVA

ANDAINA

ASPANEPS

PONTEVEDRA

ALBA

AVELAIÑA

DOA

LAR

LENDA

LUGO

ALUME

ALB ORES

A MARIÑA

OURENSE

MOREA

Por outra banda, as mulleres con problemas de saúde mental ven frecuentemente **dificultado o exercicio da súa maternidade**, baseándose na falsa crenza de que non van ser capaces de ofrecer unha crianza sa ou ter un vínculo materno-filial axeitado. Nos casos máis extremos, o diagnóstico utilízase como argumento para quitarlles a custodia dos seus fillos ou fillas.

Tamén é un feito recoñecido que a **violencia de xénero** exercida sobre as mulleres con problemas de saúde mental, moitas veces por parte das súas parellas e ex-parellas, é máis frecuente que a que se exerce sobre o resto das mulleres.

Con todo, a pesar de que a saúde mental das mulleres se recoñece como o campo de maior impacto no benestar individual, familiar e social, **non existe unha abordaxe de xénero nas políticas de saúde mental**. Tamén é escaso o enfoque de xénero nas intervencións sanitarias e sociais dos problemas de saúde mental, así como na avaliación das mesmas.

Un programa para a atención integral a mulleres

O “Programa de Atención Integral a Mulleres con Enfermidade Mental en Situación de Vulnerabilidade”, no cal se engloba a iniciativa “Elas tamén contan”, trata de fomentar a igualdade de oportunidades para reducir a discriminación que sofren as mulleres con problemas de saúde mental. Financiado pola Consellería de Emprego e Igualdade e executado por Saúde Mental FEAFES Galicia, o obxectivo deste programa é dotar ás participantes dunha maior autonomía e independencia que permitan mellorar a súa situación persoal, social e laboral, ofrecendo deste xeito unha atención personalizada e especializada a cada unha delas.

Saúde Mental FEAFES Galicia

Saúde Mental FEAFES Galicia é unha entidade sen ánimo de lucro constituída en 1995. A súa misión é representar os dereitos e necesidades do movemento asociativo das persoas con problemas de saúde mental. De carácter social, esta entidade ten como obxectivo principal a adopción de medidas que contribúan á mellora da calidade de vida destas persoas e das súas familias. O ámbito de actuación de Saúde Mental FEAFES Galicia abrangue todo o territorio autonómico, agrupando actualmente a 15 asociacións que posúen centros e servizos en máis de 30 localidades galegas.

Para máis información, entrevistas ou material, contactar con:

Ana Escrigas

Saúde Mental FEAFES Galicia
comunicacion@feafesgalicia.org
Tel. 981 919 073 Ext. 1001 / 638 273 186

ASOCIACIÓNS FEAFES:

A CORUÑA

A CREBA
APEM

FONTE DA
VIRXE

PORTA NOVA

ANDAINA

ASPANEPS

PONTEVEDRA

ALBA
AVELAÍÑA
DOA
LAR
LENDA

LUGO

ALUME
ALB ORES
A MARIÑA

OURENSE

MOREA